

# ORTIGUEIRA

BOLETÍN MUNICIPAL

FEBREIRO 2019

[www.concellodeortigueira.com](http://www.concellodeortigueira.com)

Ortigueira, punto de encontro folk un ano máis

## O Festival Internacional do Mundo Celta presentou a súa nova edición en FITUR

O municipio acollerá de novo un dos eventos musicais máis importantes do mundo. O Festival Internacional do Mundo Celta deste ano foi presentado na Feira Internacional de Turismo (FITUR) en Madrid. No acto deuse un pequeno adianto da programación deste 2019, que contará con actuacións como a dos bretóns Gwendal ou a Escola de Gaitas de Ortigueira. O espectáculo, que se celebra desde hai 41 anos, presenta cada edición un cartel cheo de artistas afincados no panorama e, tamén, ofrece a oportunidade a outros que acaban de comezar. O festival foi declarado Festa de Interese Turístico Nacional, e para esta edición, que terá lugar do 11 ao 14 de xullo, o Concello espera a visita de milleiros de asistentes.

PÁXINA 03



Foto da presentación do Festival de Ortigueira en FITUR

Seguridade, infraestruturas e accesibilidade

### Máis de 1 millón de euros para melloras no Concello

O pleno, celebrado no mes de decembro, aprobou as propostas para o Plan Único 2019 da Deputación da Coruña. Dentro das diversas actuacións atópanse a remodelación da praza de San Antón, asfaltados, rehabilitación de edificios municipais e tamén mellora na accesibilidade ao salón de plenos.

PÁXINA 02

Nadal no municipio

### Espasante triunfa nas festas coa súa árbore *patchwork*

Estas datas estiveron marcadas pola decoración creada polos propios veciños e veciñas do municipio, que decoraron as rúas con adornos feitos a man, entre os cales a principal protagonista foi a árbore de Espasante. Nesas días tamén se desenvolveron diversas actividades para despedir o ano.

PÁXINAS 04-05

Os plans municipais contarán cun orzamento de máis de 1 millón de euros

# O Concello aproba investimentos para seguridade viaria e equipamentos

Entre os proxectos atópanse a remodelación da praza de San Antón, rehabilitacións e accesibilidade

O Concello aprobou, no pleno celebrado no mes de decembro, os proxectos que se enmarcan dentro do Plan Único 2019 da Deputación da Coruña, para os que se destina un orzamento de 1.470.000 euros da institución provincial.

O plan —que foi aprobado cos votos a favor do PSOE e BNG, e a abstención do PP e os non adscritos—, conta con importantes actuacións como a remodelación da praza de San Antón, o asfaltado de varias pistas, a reparación da cuberta da Casa do Concello e da biblioteca municipal, así como a incorporación dun novo ascensor para garantir a accesibilidade de todas as persoas ao salón de plenos.

Con estas medidas búscase mellorar a seguridade viaria do municipio, así como as edificacións máis castigadas polo paso do tempo e que, na actualidade, precisan dunha adaptación ou incluso dunha remodelación e repensamento do seu uso, xa que a evolución do Concello deixa paso a novas necesidades.


Ademais disto, tamén se aprobou un complemento retributivo para os empregados públicos en situación de incapacidade laboral ou baixa por enfermidade.

## OUTRAS MEDIDAS

Por outra banda, aproveitouse o pleno para prorrogar a concesión a Costas do porto de Ladrado como lugar de amarre de pequenas embarcacións deportivas, de pesca e do contorno natural das Furnas.



Plano do novo ascensor que dará acceso ao salón de plenos



Plano da praza de San Antón

As oito nacións celtas estarán representadas a través de grupos musicais de cada zona

# O Festival Internacional do Mundo Celta presentou a súa nova edición en FITUR

**“Oito nacións, unha cultura” será o lema do evento, que terá lugar do 11 ao 14 de xullo**

O pasado 25 de xaneiro, o Concello de Ortigueira presentou a 41ª edición do Festival Internacional do Mundo Celta na Feira Internacional de Turismo (FITUR), que se celebrou en Madrid.

No acto desvelouse o cartel desta edición, creación do debuxante Cristian F. Caruncho, cuxo deseño se baseou no nexo entre as oito nacións celtas: Galicia, Asturias, Escocia, Irlanda, Bretaña, Gales, Cornualles e a Illa de Man. De feito, “oito nacións, unha cultura” será o lema dun festival no que todas elas terán representación a través de grupos musicais de cada unha das zonas.

Na presentación estivo



Foto da presentación do Festival Internacional do Mundo Celta en Fitur

o coordinador do festival, Alberto Balboa, que deu un adianto da programación deste 2019, que contará coas esperadas actuacións de grupos como Gwendal (Bretaña), Moving Hearts (Irlanda), Shooglenifty (Irlanda) ou Flook (Escocia). Por suposto tamén desvelou as actuacións galegas da Escola de Gaitas de Ortigueira —fundadora do espectáculo—, xunto con

Anxo Lorenzo Band, Tanxugueiras, O Fiadeiro e Leilía.

Pola súa parte, a directora da Axencia Turismo de Galicia, Nava Castro, definiu o festival como un evento necesario para a posta en valor do lugar de Galicia no mundo celta, así como para entender a historia completa dos galegos e galegas. Toda unha celebración que reúne historia, cultura e boa música,

e que polo tanto fai crecer Galicia, así como as persoas que a visitan, estableceu Castro.

O alcalde de Ortigueira, Juan Penabad Muras, puxo o punto final ao evento, establecendo que Ortigueira se converterá na capital da cultura celta do 11 ao 14 de xullo, datas nas que se celebrará o festival. Quixo destacar tamén no seu discurso os valores de igualdade entre homes e mulleres, así como a importancia e a promoción dos recursos propios da terra.

O Festival Celta celebrouse por primeira vez no ano 1978, e agora constitúe un dos maiores eventos folk do mundo, que se consolida como un encontro entre pobos, para apreciar a súa propia cultura, ou para coñecer por primeira vez a maxia do mundo céltico.



**Calum Stewart inaugurou o Ciclo Festival no Teatro da Beneficencia**

O 19 de xaneiro, o escocés Calum Stewart abriu o Ciclo Festival no Teatro da Beneficencia. Nas próximas datas actuarán: Double Double, 1 de marzo; Backwest, 13 de abril; e Zoë Conway & John McIntyre, o 31 de maio.



**Ortigueira fixo promoción dos encantos locais na Feira de Turismo**

No stand de Galicia da Feira Internacional de Turismo (FITUR), podíanse atopar os folletos do Concello de Ortigueira. Neles atopábanse os principais atractivos da zona, incluíndo monumentos, natureza e eventos.

# A decoración da veciñanza



O alcalde visitando a Residencia de Maiores

Nestas festas os veciños e veciñas de Ortigueira tiveron a oportunidade de crear os seus propios adornos de Nadal coa técnica de gancho e calceta. O resultado foi un municipio totalmente engalanado dunha forma acollidora.

Un dos elementos máis destacados foi a árbore de Espasante, que foi creada pola Asociación Cultural Gamelas e Anduriñas a partir da técnica de *patchwork*, e que deixou unha

bonita estampa na parroquia.

Ademais da decoración, nestas datas sucedéronse diversas actividades como as visitas do alcalde de Ortigueira, Juan Penabaz Mulas, ás diferentes zonas do Concello para felicitar as festas a toda a cidadanía.

O ano pechouse cunha boa dose de deporte coa San Silvestre, na que tanto pequenos como adul-



Cerca con decoración de Nadal



Muras con veciñas e veciños do municipio



Participantes da San Silvestre



# marcou o Nadal do Concello

tos puideron participar na agradable carreira que comezou na Alameda.

Outro dos eventos destas festas foi a chegada das Súas Maxestades de Oriente ao municipio o día 5 de xaneiro, para recoller as cartas dos rapaces e rapazas.

Na cabalgata dese día destacou a carroza con temática de *Star Wars* que percorreu as rúas do Concello.

A proposta foi elaborada polos alumnos de Madeira e Moble do Instituto de Educación Secundaria de Ortigueira, os cales foron recibidos polo propio alcalde na Casa do Concello, para darlles as grazas e a noraboa polo traballo e o esforzo, así como para premiar a Gabriela Alexandra Cabral e a Francisco Soengas coa sinatura no libro de honra do Concello, polo seu terceiro posto no certame *Galicia Skills*.



O alcalde de Ortigueira, Juan Penabad Muras, felicitando as festas á Asociación Aspromor



Os Reis Magos o día da cabalgata



Recibimento do alcalde de Ortigueira aos alumnos de Madeira e Moble do IES Ortigueira



Carroza feita polos alumnos de Madeira e Moble do IES Ortigueira baseada na saga de *Star Wars*

A árbore de Espasante decorada coa técnica *patchwork*

Emprego, axudas e subvencións

## O municipio prevé xerar medio centenar de contratos laborais

Neste 2019, o Concello de Ortigueira busca seguir aumentando o número de persoas empregadas. O ano anterior saldouse con 43 novos contratos de traballo, por iso neste o obxectivo é xerar máis de 50 novos acordos laborais grazas a proxectos subvencionados, ou cofinanciados, pola Deputación da Coruña, a Consellería de Emprego e Industria, e a Consellería de Vicepresi-

dencia.

Entre eles está o Fondo de Compensación Medioambiental, que contratará 13 operarios para diversos servizos, entre eles a limpeza do río Mera.

### FORMACIÓN

Destínanse 20.000 euros para mellorar a empregabilidade con dous novos cursos gratuítos relacionados cos sectores que máis demandan (constru-

ción e industria): “Montaxe de Andamios Apoiados” e “Illamentos e Impermeabilización”.

En decembro o alcalde entregou os diplomas do curso para desempregados “Procedementos e técnicas de traballos en alturas”. Con este evento quedou pechada a programación do 2018 que pretendía reforzar e dotar de experiencia os demandantes de emprego.



Entrega de diplomas

### SERVIZOS

## O Concello presentou a nova web e a sede electrónica



Presentación no Teatro da Beneficencia

O pasado 11 de xaneiro presentouse aos veciños e veciñas do municipio a nova web, así como a nova sede electrónica do Concello no Teatro da Beneficencia. Este evento tivo como obxectivo explicar o novo sistema que conectará administración, cidadanía, empresas e asociacións, entre outros. Na presentación pretendíase dar resposta a posibles dúbidas ante a realización de trámites por vía telemática.



O GES ortegano recibiu unha moto acuática

O Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) de Ortigueira recibiu unha moto acuática para salvamento marítimo.



Sinatura de convenios con entidades

Firmáronse coa Asociación de Comerciantes de Ortigueira, a Asociación de Veciños Cruz de Lousa e a Confraría de Pescadores.

Axudas e subvencións

## Novas subvencións para os deportistas orteganos

**Os solicitantes, que deben competir en disciplinas de carácter individual, poderán recibir 1.800 euros cada un**

O Concello abre as bases dunha nova convocatoria de axudas para deportistas de recoñecida traxectoria, tras a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (BOP). Estas axudas dispoñen dun orzamento de 4.000 euros, que ten como obxectivo impulsar os deportistas orteganos con máis proxección.

Os gastos que cobren estes orzamentos son os federativos, de desprazamento, estancia, equipamento deportivo, así como médicos e fisioterapeutas.

Para optar a ditas subvencións fai falta ter cumpridos os 10 anos de idade, participar nunha modalidade deportiva individual que estea recoñecida polo Consello Superior de Deportes, ter a correspondente licenza federativa, acreditar nivel deportivo na disciplina e tamén estar empadroado en Ortigueira desde, polo menos, hai un ano.

Este tipo de bolsas em-

préganse para impulsar o deporte e os e as deportistas cun enorme potencial a nivel galego, nacional ou incluso internacional.

Conscientes de que as novas promesas teñen dificultades sobre todo no período inicial das súas carreiras, estas axudas ofrecen un apoio á práctica e ao rendemento deportivo. Tamén ofrecen a posibilidade de que os competidores e competidoras poidan asistir ás diferentes competicións ás que se queiran presentar para seguir medrando na súa disciplina.

SERVIZOS

## O CIM chama á participación no Pleno de Mulleres que se celebrará o día 8 de marzo

O Centro de Información da Muller chama á participación no Pleno de Mulleres que se celebrará no Concello o 8 de marzo, polo Día da Muller.

A iniciativa ten como obxectivo darlles voz ás mulleres para escoitar as súas iniciativas e peticións.

Poderase obter máis información sobre o encontro enviando un correo electrónico a [adopico@concellodeortigueira.com](mailto:adopico@concellodeortigueira.com) ou chamando ao número de teléfono 981 402 542.

Tratouse a rexeneración de Morouzos

## Juan Penabad transmitiulle ao Goberno as necesidades en materia medioambiental

O alcalde de Ortigueira, Juan Penabad, reuniuse co secretario de Estado de Medio Ambiente, Hugo Morán, para transmitirlle os intereses e preocupacións do municipio nesta materia. No encontro, que Penabad cualificou de satisfactorio, tratáronse temas como a rexeneración ambiental da zona de Praia de Morouzos, que precisa sanear elementos como a madeira do camiño ou as

propias árbores. Tamén estivo presente na conversa a continuación da senda peonil de Espasante ata a zona portuaria. Por último, o alcalde explicou que entre as maiores inxerencias atópase o dragado do porto de Espasante, para favorecer a pesca e o marisqueo na zona, así como o saneamento dos núcleos de poboación que aínda non dispoñen del.



Juan Penabad, na reunión co secretario de Estado de Medio Ambiente, Hugo Morán

Obradoiros

## O programa 'Digitalizadas' realizou un taller para as mulleres do rural



Profesora explicando nunha clase

O pasado mes de decembro rematou o obradoiro de competencias dixitais para mulleres do ámbito rural. O taller, organizado pola Fundación Cibervoluntarios, a Fundación Mulleres e Google.org, coa colaboración do Ministerio de Igualdade e do pro-

prio municipio, tiña como obxectivo principal que as mulleres que viven nunha contorna menos tecnolóxica se poidan desenvolver con normalidade no mundo dixital. A sesión enmarcouse dentro do programa 'Digitalizadas' de Ortigueira.



festival  
internacional  
do Mundo Celta de  
**Ortigueira**  
11-14 Xullo 2019



declarado de interese turístico internacional

CRISTIAN  
F. CARUNCHO  
YAGO GR.